

# Celga



# 3

## PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA  
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL  
DE POLÍTICA  
LINGÜÍSTICA

C3-B-II-22

## **PARTE 1 (Texto escrito)**

A continuación, lea vostede este artigo sobre a influencia do profesorado na educación. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

### **Docentes: entre a luz e a escuridade**

De Louis Germain non existe entrada na Wikipedia. Porén, este mestre dunha pequena escola pública na Alxeria francesa foi o protagonista dunha fermosa historia que tivo o seu inicio un día de 1923, cando chega á súa aula un neno aparentemente anódino, fillo dunha familia pobre. Transcorrido o tempo, aquel neno, de nome Albert Camus, recibiría o Premio Nobel de Literatura. Unha das primeiras cousas que o escritor fai tras concedérenlle o galardón será enviarlle unha carta ao seu vello mestre: «Recibín un honor demasiado grande, que non procurei nin pedín. Pero, cando souben a noticia, pensei primeiro na miña nai e despois en vostede. Sen vostede, a man afectuosa que lle tendeu ao pobre neno que eu era, sen o seu ensino e exemplo, nada disto tería acontecido».

#### **Para que os docentes?**

Ata a actualidade, as mestras e os mestres ocuparon un espazo importante na biografía de case todas as persoas. Eles e elas pasan polas nosas vidas, pero nunca o fan gratuitamente. Secasí, a consideración que merece a profesión docente está sendo obxecto dunha revisión nos últimos anos, así como a súa función, cada vez máis condenada á irrelevancia, de acordo co parecer de moita xente, entre a que non poucos pais e nais se atopan.

Hannah Arendt atribuíulle á docencia a función de transmitir o mundo. Segundo esta pensadora, cada nova xeración entra na escola para permanecer liberada, durante uns anos, da loucura que é o mundo e das súas servidumes. De acordo co seu parecer, a escola debера ser aquel lugar onde, sen diferenzas de clase social nin de sexo e sen discriminación por motivos relixiosos ou étnicos, os nenos e as nenas aprenden por igual o que a humanidade logrou ata o momento presente: ciencia, democracia, medicina, música, dereitos humanos, así como xeografía, para que comprendan a dimensión da súa aldea, vila, barrio, familia...

A imaxe que se ofrece do docente é decote o resultado dun estereotipo, que se pode reducir basicamente a dúas modalidades. Por unha banda, a da profesora ou profesor que exerce o seu oficio con entrega, ás veces vogando a contracorrente da sociedade

e dos propios pais. Pola outra, a do docente que actúa por pura inercia, carece de empatía ou é escravo do academicismo e do conformismo.

Todas as persoas temos algunha experiencia memorable referida a calquera dos dous tipos de docente, pero case sempre prevalece na nosa memoria o primeiro. O arquetipo deste mestre é o don Gregorio que Manuel Rivas ofrece no relato «A lingua das bolboretas», incluído no seu fermoso libro *Que me queres amor?* O escritor galego descríbese como un home feo, pero cunha personalidade fermosa; alguén que é feliz ensinando e que se esforza para que as súas clases sexan atractivas, fascinen e sirvan de instrumento para interpretar cientificamente o mundo.

### **O labor docente a través das pantallas**

No entanto, fronte aos exemplos de don Gregorio ou de Louis Germain están a aparecer modelos antagónicos. Moitos deles veñen collidos da man da innovación, das pedagogías avanzadas, do aprender a aprender, da aprendizaxe en liña; en definitiva, da pedagogía que se define a si mesma como alternativa.

O confinamento sufrido a causa da recente pandemia supuxo para os sistemas educativos de todo o planeta un banco de probas inesperado. Por primeira vez, o docente queda lonxe do alumnado e este, se necesita datos, accede a eles sen límites a través da Rede. Segundo este modelo educativo, o docente só debe estar aí para supervisalo. A pregunta que xorde é: se Internet pon todos os contidos dunha materia escolar ao alcance do alumnado, non quedaron obsoletos os docentes?

Por suposto, son moitas as persoas que consideran que os nenos e as nenas necesitan dos mestres e das mestras para deseñaren e desenvolveren axeitadamente a súa aprendizaxe e que calquera modelo que prescindira deles degrada o ensino. Por iso, a epopea de Louis Germain seguirá viva mentres a humanidade continúe renovándose xeración tras xeración.

Texto traducido e adaptado de [www.jotdown.es](http://www.jotdown.es)



## PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o persoal avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que a persoa candidata se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que a poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Como se chama?</li> <li>■ A que se dedica?</li> <li>■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea...</li> <li>■ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda?</li> <li>■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten?</li> </ul> <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>■ Que lle gusta máis da cultura galega?</li> <li>■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?</li> </ul>	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
<p>Orientacións para o persoal avaliador: a persoa candidata ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que a persoa candidata entendeu o texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	
<p>Faga un resumo do contido do artigo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>■ Cal é o tema central que se trata no texto?</li> <li>■ Cal foi a función asignada tradicionalmente aos docentes?</li> <li>■ Cal é o papel representado polos docentes nos modernos modelos educativos?</li> </ul>	
3. EXPOSICIÓN	3-4 minutos aprox.
<p>Orientacións para o persoal avaliador: a persoa entrevistadora escollerá unha das alternativas das que se propoñen e, a partir dela, diralle á persoa candidata que faga unha <b>exposición de 2-3 minutos</b>, na cal defenda o seu punto de vista ou argumento sobre ese tema. Daráselle <b>1 minuto para pensar</b> ou organizar o seu discurso e indicárselle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que a persoa candidata poida ser debidamente avaliada. Se a persoa candidata tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis? Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero EN NINGÚN CASO se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.</p>	

Realice unha exposición acerca dos seguintes enunciados:

- A.** As mestras e os mestres ocupan un espazo relevante na biografía de case todas as persoas.
- B.** O ensino e o papel do profesorado cambiaron moito nos últimos anos.
- C.** Internet ofrece todos os contidos necesarios para a formación dos nenos e das nenas.

#### **4. INTERACCIÓN**

**4 minutos aprox.**

Orientacións para o persoal avaliador: logo da exposición, establecerase un diálogo coa persoa candidata. A opción de preguntas que se lle dará á persoa candidata (A, B, C...) debe coincidir coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas NON consisten nun interrogatorio; son só suxestións e **DEBEN ADECUARSE**, na medida do posible, ao discurso da persoa candidata.

#### **OPCIÓN A**

**As mestras e os mestres ocupan un espazo relevante na biografía de case todas as persoas**

- Coñecía a historia que protagonizan o mestre Louis Germain e o escritor Albert Camus? Que lle parece?
- Cal foi a súa experiencia na escola? Diría que foi positiva ou negativa? Por que?
- Lembra algún mestre ou mestra que fora importante na súa vida? Recorda algún ou algunha con agrado? E algún ou algunha con desagrado?
- Como pensa que pode influír o labor dun mestre ou mestra no futuro dun neno? Considera que ese labor pode resultar determinante? Por que?
- Pensa que os mestres e as mestras están insuficientemente valorados pola sociedade ou considera que están sobrevalorados? Por que?
- Que virtudes debería posuír un bo mestre ou mestra?

(Se procede)

- Percibe diferenzas entre Galicia e o seu lugar de orixe en relación coa consideración social que merecen os docentes?

**OPCIÓN B**

**O ensino e o papel do profesorado cambiaron moito nos últimos anos**

- Cal considera que debe ser hoxe o cometido dos docentes na educación da xente nova?
- Estima que a función da escola consiste unicamente na transmisión de contidos e en formar para o exercicio dunha profesión? Asignaríalle algunha outra? Cal?
- Pensa que o labor do profesorado como se entendía no pasado está obsoleto? Por que?
- Considera que os docentes están suficientemente formados para facer fronte aos cambios sociais e tecnolóxicos?
- Cre que se deben aplicar cambios ao actual modelo de educación? Que cambiaría ou que recomendacións faría?
- Que distingue un bo centro educativo?

(Se procede)

- Hai algunha diferenza entre Galicia e o seu lugar de orixe respecto do sistema educativo?

**OPCIÓN C**

**Internet ofrece todos os contidos necesarios para a formación dos nenos e das nenas**

- Considera que as tecnoloxías da información e da comunicación teñen hoxe unha presenza excesiva no proceso de formación dos nenos e nenas? Por que?
- Pensa que a irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación nas escolas fixo que o labor docente estea obsoleto? Por que?
- Na súa opinión, existen aprendizaxes necesarias para a formación das persoas que non se atopan en Internet? Cales?
- Que transformacións tecnolóxicas ocorridas nas últimas décadas afectaron a forma en como se educa a xente nova? Foron positivas ou negativas? Por que?
- Considera que as novas xeracións están mellor formadas ca as precedentes grazas á aparición das tecnoloxías da información e da comunicación? Por que?
- Que opina sobre a presenza das tecnoloxías da información e da comunicación en todos os ámbitos sociais?

(Se procede)

- Percibe diferenzas entre Galicia e o seu lugar de orixe no tocante ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación nos centros educativos?

